

O rebautizado *Premio Daniel Domínguez de guiión en galego* xa ten finalistas

Anúncianse os tres guiións finalistas desta segunda edición e o cambio de denominación do premio

14 de Decembro de 2020.– A Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG) vén de acordar o cambio de nome do seu *Premio AGAG de guiión en galego para longametraxe*. Desde esta mesma segunda edición, o premio, co apoio de Fundación SGAE e Filmarket Hub, pasará a chamarse ***Premio Daniel Domínguez de guiión en galego***. Esta decisión prodúcese a raíz do recente falecemento do guionista Daniel Domínguez, todo un referente do guiión en Galicia, como homenaxe e recoñecemento á súa figura.

Pioneiro do audiovisual galego e mestre de varias xeracións de guionistas, Daniel Domínguez (Tui, 1955) formou parte do equipo de fundadores da Escola de Imaxe e Son (EIS) de A Coruña en 1991. Impartiu clases de guiión durante máis de vinte anos en escolas como a EIS e máis recentemente no máster MPXA (Máster en Producción Xornalística e Audiovisual, da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre en colaboración coa Fundación Amancio Ortega). Como guionista, traballou en varias das series de televisión máis recoñecidas da TVG producidas por Voz Audiovisual como *Mareas Vivas*, *Padre Casares*, *As leis de Celavella* ou *Terra de Miranda* (pola que recibiu en 2002 o Mestre Mateo ao mellor guiión), ademais de escribir longametraxes como *Blanca Madison* (Carlos Amil, 2000) e curtametraxes. Dende 2009 escribía o seu xa famoso blog *La escuela de los domingos*.

Este cambio na denominación do premio coincide co **anuncio dos finalistas** da presente edición. Así pois, o xurado, formado polos guionistas Lidia Fraga, Enrique Lojo, Ángel Manzano e Víctor Grande (integrantes da Xunta Directiva de AGAG), unha vez valorados todos os guiións presentados, decidiu por unanimidade e conforme ás bases da convocatoria seleccionar como finalistas os seguintes guiións:

- ***O fin da verdade***, presentado baixo o pseudónimo “Victor da Hera”. Unha vez aberta a plica, resultou ser obra de Fernando Tato, Ozo Perozo e Adrián Castiñeiras.
- ***A flote***, presentado baixo o pseudónimo “Anselmo Dacosta”. Unha vez aberta a plica, resultou ser obra de Jose Veiga.
- ***(Os) Anxos***, presentado baixo o pseudónimo “M de Madeiro”. Unha vez aberta a plica, resultou ser obra de Marcos Méndez Moreira.

O guiión escollido polo xurado como gañador do premio revelarase o vindeiro luns 21 de decembro nas redes sociais de AGAG e a través dunha nota de prensa. O *Premio Daniel Domínguez de guiión en galego 2020* consiste nun premio de 2.500€ para o guiión gañador, e unha subscrición gratuíta de 6 meses ao mercado online da plataforma Filmarket Hub tanto para o guiión gañador como para os finalistas.

Organizado por AGAG, co apoio de Fundación SGAE e a colaboración de Filmarket Hub, ten como obxectivos potenciar a lingua galega no audiovisual, promover aos autores e autoras que escriben en galego e axudar a difundir o traballo dos socios e socias de AGAG. O gañador da pasada edición foi o guionista Rubén Coca.

El rebautizado *Premio Daniel Domínguez de guión en galego* ya tiene finalistas

Se anuncian los tres guionies finalistas de esta segunda edición y el cambio de denominación del premio

14 de Diciembre de 2020.- La Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG) acaba de acordar el cambio de nombre de su *Premio AGAG de guion en galego para longametraxe*. Desde esta misma segunda edición pasará a llamarse ***Premio Daniel Domínguez de guión en galego***. Esta decisión se produce a raíz del reciente fallecimiento del guionista Daniel Domínguez, todo un referente del guion en Galicia, como homenaje y reconocimiento a su figura.

Pionero del audiovisual gallego y maestro de varias generaciones de guionistas, Daniel Domínguez (Tui, 1955) formó parte del equipo de fundadores de la Escola de Imaxe e Son (EIS) de A Coruña en 1991. Impartió clases de guion durante más de veinte años en escuelas como la EIS y más recientemente en el máster MPXA (Máster en Producción Xornalística e Audiovisual, de la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre en colaboración con la Fundación Amancio Ortega). Como guionista, trabajó en varias de las series de televisión más reconocidas de la TVG producidas por Voz Audiovisual como *Mareas Vivas*, *Padre Casares*, *As leis de Celavella* o *Terra de Miranda* (por la que recibió en 2002 el Premio Mestre Mateo al mejor guion), además de escribir largometrajes como *Blanca Madison* (Carlos Amil, 2000) y cortometrajes. Desde 2009 escribía su ya famoso blog *La escuela de los domingos*.

Este cambio en la denominación del premio coincide con el **anuncio de finalistas** de la presente edición. Así pues, el jurado, formado por los guionistas Lidia Fraga, Enrique Lojo, Ángel Manzano y Víctor Grande (integrantes de la Junta Directiva de AGAG), una vez valorados todos los guiones presentados, decidió por unanimidad y conforme a las bases de la convocatoria seleccionar como finalistas los siguientes guiones:

- ***O fin da verdade***, presentado bajo el pseudónimo “Victor da Hera”. Una vez abierta la plica, resultó ser obra de Fernando Tato, Ozo Perozo y Adrián Castiñeiras.
- ***A flote***, presentado bajo el pseudónimo “Anselmo Dacosta”. Una vez abierta la plica, resultó ser obra de Jose Veiga.
- ***(Os) Anxos***, presentado bajo el pseudónimo “M de Madeiro”. Una vez abierta la plica, resultó ser obra de Marcos Méndez Moreira.

El guion escogido como ganador del premio por el jurado se revelará el próximo lunes 21 de diciembre en las redes sociales de AGAG y a través de una nota de prensa. El *Premio Daniel Domínguez de guión en galego 2020* consiste en un premio de 2.500€ para el guion ganador y una suscripción gratuita de 6 meses al mercado online de la plataforma Filmarket Hub tanto para el guion ganador como para los finalistas.

Organizado por AGAG, con el apoyo de Fundación SGAE y la colaboración de Filmarket Hub, tiene como objetivos potenciar la lengua gallega en el audiovisual, promover a los autores y autoras que escriben en gallego y ayudar a difundir el trabajo de los socios y socias de AGAG. El ganador de la pasada edición fue el guionista Rubén Coca.